

O portal *Proxector* achega unha manchea de contidos para celebrar o Día da Fascinación polas Plantas

martes, 7 de maio do 2024 / S. P.

As especies vexetais centran o novo especial do portal divulgativo *Proxector* neste mes de maio,

coincidindo coa celebración (o día 18) do Día Internacional da Fascinación polas Plantas, xornada conmemorativa que pretende poñer o foco na importancia da investigación en botánica para a sociedade, a economía e o medio.

Sobre este tema xira a nova entrega de *Proxector*, iniciativa que desenvolve o Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia (CDSG) do Consello da Cultura Galega (CCG) en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela (USC). Titúlase *De que nos falan as plantas?* e xunta unha ducia de recursos audiovisuais dirixidos a diferentes niveis educativos que amosan, desde un punto de vista científico, o relevante papel das plantas.

O especial propón unha viaxe por laboratorios, hortos urbanos ecolóxicos e os xardíns descoñecidos da Costa da Morte, e, por suposto, fai unha parada na figura de Baltasar Merino, o maior coñecedor da flora galega e autor de *Flora descriptiva e ilustrada de Galicia* (1905-1909).

Esta entrega inclúe varias pezas audiovisuais que nos axudan a entender que son as plantas, a súa función reprodutora e as súas cores. Tamén se incorpora unha peza dos profesores Xacobo de Toro e Noemí Díaz para facer unha práctica de campo virtual en vídeo 360º que axuda a identificar especies invasoras e mais cantos de aves autóctonas.

Xúntanse tamén varios contidos que explican algúns traballos de diferentes departamentos das universidades galegas: o do Departamento de Ecotoxicoloxía da Facultade de Bioloxía da USC, que mide o nivel de contaminación do aire ou da auga a partir de diferentes variedades de musgo; o do Grupo de Investigación de Análise e de Conservación da Biodiversidade da USC, que elaborou un mapa de microrreservas de flora ameazada ao longo de toda a Costa da Morte, ou o do Grupo Divulgar da Universidade de Vigo sobre o mundo dos polimorfismos florais.

Ademais, nesta entrega hai un recurso que ensina cales son as mellores técnicas e condicións ambientais para crear un horto urbano (cal é o mellor espazo e como se debe planificar, así como cales son os principais factores que se deben ter en conta para que os resultados sexan óptimos).

Un portal referente na divulgación científica

Proxector é un espazo web dedicado a compilar, clasificar e difundir recursos audiovisuais de apoio á docencia en lingua galega no ensino medio, bacharelato e ensino universitario. Na actualidade, conta con preto de 1.600 materiais publicados dunha manchea de áreas temáticas diferentes.

A iniciativa orixinal foi deseñada polo Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela e botou a andar no ano 2015 no portal educativo *Didactalia*. En 2018 o CCG, a través do Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia (CDSG), sumouse á iniciativa e comezou a participar de xeito activo tanto na súa coordinación como na edición de contidos. Cumprindo coas competencias que lle son propias no eido da preservación e difusión do idioma galego, o CCG acordou asumir tamén a custodia dos datos recompilados ao longo destes anos e que, a partir de agora, estarán ao dispor da cidadanía no sitio web institucional.



dinamos
hospeda este esp

BFAero
BUSINESS FACTORY AERO

¡El impulso de
proyecto ae
aeroespacial
está a

QUINTA DE GALICIA

Dallo
forma
túa no
web i
galeg

**SUBSCR
AO GALB**

LEVA UN HOSTING E UN D

56 do 17 ao 31 de maio
mediosengalego.gal

citic

BALIDEA

Revista en PDF:

Código
cero

Descárgaa xa

· Metaversos. Enfoqu
GaiásTech
· O Diario Oficial de C
hoxe a ampliación de
solicitar os bonos di
diciembre
· A Xunta destaca a in
concienciación dixita
territorio conectado

Os vídeos están clasificados segundo a súa temática, o idioma no que foron gravados ou subtitulados e o nivel de ensino no que se considera que poden ser empregados. A maiores, ofrécese unha ficha descriptiva coa información básica de cada recurso. Pódese acceder aos contidos a través da busca libre ou dos diferentes despregábeis, que permiten filtrar os resultados segundo os criterios de clasificación antes citados.

0 comments

Ordenar por:

Engadir un comentario...

Plugin dos comentarios do Facebook

PUBLICIDADE



Galicia
un territorio
para innovar



Eventos tecnolóxicos:

- viernes, 10 de mayo
Aniversario Inauguración
- viernes, 17 de mayo
Día das Letras Galegas
Día de Internet
Día Mundial das Telecomunicacións



CÓDIGO CERO

Código Cero, diario de novas tecnolóxicas de Galicia, é unha publicación en galego sobre TIC nacida en formato dixital o 25 de xullo de 2001 que comezou a editarse tamén en formato impreso en decembro do mesmo ano.

CONTACTO

➔ Grupo Código Cero Comunicación, S.L.
Rúa das Hedras 41 G
(Pol. Novo Milladoiro)
15895 Ames - Milladoiro

☎ 981 53 02 68

✉ redaccion@codigocero.com

PREMIOS

